

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

“POESÍA POPULAR”

O alumnado que queira participar no concurso deberá escoller unha das opcións dos versos que se presentan a continuación e facer unha fotografía do que lle inspira a lectura de eses versos.

VERSOS

Opción 1:

O viño branco é meu primo,
E o tinto é meu parente,
non hai sitio no meu corpo onde meu primo non entre.

Opción 2:

Nena que estás na ventana coas puntas do pano fóra,
recólleas para dentro que o pano non enamora.

Opción 3:

Que levas en esa saia
que tanto valor lle dás?
Levo garavanzos e fabas
para ir estraperlar.

Opción 4:

Dous amores no meu peito viven para o meu pensare,
o da mociña que quero i o do traballo no mare.

Opción 5:

Se chove deixa chover, se orvalla deixa orvallar,
que eu ben sei dun abriguiño onde me hei de ir abrigar.

Opción 6:

Este mes de maio é o mes das flores
cando os paxariños deixan ver os seus amores.

Opción 7:

Lévame, lévame, lévame,
lévame á beira do mar,
nunha noite prateada,
noite dun craro luar.

Opción 8:

Maruxiña do forneiro
se coceras faime un bolo,
se mo fas, faimo de millo,
que eu de trigo non cho como.

Opción 9:

Estreliña do luceiro, estrela da claridade;
vaise o día, vaise a noite, vaise a nosa mocidade.

Opción 10:

Púxenme a contar estrelas e metelas no sombreiro;
non puiden dar conta delas ata que veu o luceiro.

Unha vez feita a fotografía deberás mandala ao correo electrónico do colexio: ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.gal ou ao whatsapp do número do colexio especificando a opción de verso que escolliches e o teu nome e apelidos. Realizaremos con todas as fotografías unha exposición virtual e as máis votadas serán as gañadoras do concurso do noso colexio. Farase a maiores unha exposición nos escaparates dos establecementos do Centro Comercial Aberto e participarán nun concurso realizado por esta asociación (AEVA).

Data límite de entrega: luns 28 de abril